

Industrias paleolíticas do Baixo Miño

(Concellos de A Guardia, O Rosal, Tomiño e Oya)

POR

F. Bouza-Brey e J. M. Alvarez Blázquez

— PRECEDENTES

O presente traballo pretende levar notiza ás terras irmans de Portugal, en verba galega, das descobertas mais recentes, na orela dereita no río Miño, cuias augas reparten o seu límpido caudal entre aquela nazón e a nosa Galiza, das antiquísimas industrias prehistóricas señaladas dende hai tempo por investigadores ilustres de unha e de outra banda como un vencello mais do espirito de ambos pobos.

En un noso estudio encol do paleolítico de Tuy ⁽¹⁾ ao falar dos achádegos de útiles paleolíticos rexistrados deica aquela data na Galiza, referíámmonos a unha peza recollida por D. F. Xavier Sánchez Cantón en Goián o 30 de Agosto de 1947, que nos foi entregada, e faciamos propósito de estudala; mais, novos achados refrendando aquil, fixéronos trocar de pensamento.

En efecto, prospeccións levadas a cabo por intelixentes amigos, coñecedores de aquelas formosas terras, todo ao longo de orela dereita do río Miño n-un área dos catro concellos de A Guardia, O Rosal, Tomiño e Oya ofreceron un conxunto de seiscentos noventa e seis instrumentos líticos alguns de eles de belida factura. Ao culto Maestro de Ensino primario D. Pedro Diaz Alvarez, ao seu sobriño D. Silvino Diaz Paz, a D. Eliseo

Alonso Rodriguez, notabre poeta, e a D. Antonio Fernández, artista exquisito, debemos gratitud polas suas búsquedas teimosas e polos seus afans culturaes.

EMPRAZAMENTO XEOGRÁFICO E XEOLÓXICO DOS ACHÁDEGOS

As novas estazóns paleolíticas rexistradas no presente estudo exténdense por unha longa zona que vai dende a parroquia de Salcidos, no concello de A Guardia, no extremo occidental, hastra a freguesía de Sobrada, do concello de Tomiño, na banda oriental; e dende Loureza, concello de Oya, ao Norte, hastra Eiras, concello de O Rosal, ao Sul.

O chan forma parte do amplio e vizoso val terminal do Miño, que eiquí presenta un aspecto de beleza suma pol-a sua vexetación, fertilidade e pintoresquismo na paisaxe, dando frente aos brancos e ledos caseiríos da veira portuguesa. De frente a Eiras e Goián, as localidás mais pródigas en achádegos, xurden, no meio do río, as sorprendentes illas de Os Amores, Ariños e Boega. O Miño recibe eiquí as augas de tres ou catro pequenos tributarios nados nas cristas dos montes sobranceiros que separan o seu val da ría de Vigo, sendo antre eles o mais importante o río Tamuxe. Dende a ermida da Madenela, en Eiras, asentada nunha atalaia castrexa, a paisaxe é impresionante: ábrese de cara ao Poñente a barra do Miño con toda a inmensidáde oceánica detrás e os lombos vixiantes do monte de Santa Trega gardando o paso; ao Nacente, unha veiga xugosa e apretada na que é facil adiviñar, baixo a mesta vexetación, os «lombos de asno» de varias terrazas fluviales subindo en escadoiro pra a montaña; e, en fin, ollando ao mar, en fieira na ribeira lusa, os poboados asomando os campanarios por riba das augas.

En frase de Otero Pedraio, estamos diante de «un dos mais solenes e saudosos paisaxes da Europa Atlántica»⁽³⁾.

O terreo descende mainamente pelas tres terrazas fluviaes que xa temos rexistrado en Tui, como formando parte dos mesmos sistemas aluviaes e cuias altitudes son sensiblemente equivalentes ás de aquélas, pese a maor proisimidade do mar. H. Lautensach⁽³⁾ citado por Zbyszewski⁽⁴⁾ tem determinado a correspondenza antre as terrazas fluviaes do Miño, na outura de Tui e Valença e as do Lima, cas plaias antigas do litoral atlántico. Asegun il, as terrazas medias do curso da auga deberánse corresponder cas baixas terrazas litoraes, datando istas do derradeiro intergraciar, e eisistindo ainda outro nivel mais elevado — e mais antigo, por tanto — que acada de 40 a 60 m. Finalmente, Lautensach observou en Valença do Minho unha baixa terraza de 5 m. que calificou de post-glaciar.

Estudando Zbyszewski⁽⁵⁾ os movimentos cuaternarios que teñen modificado a disposicon das praias e terrazas, a causa de certos fenómenos sísmicos, dí: «No Norte H. Lautensach ten siñalado a eisistencia de unha deformación das outas e meias terrazas do Miño e do Lima. A baixa terraza (pra nos Grimaldiense) ficaria eisenta de ista deformación. Trátase da formación de bombeamentos en «lombo de asno» anteriores ao Grimaldiense e correspondentes á produccion de accidentes en relazon co aliñamento da chamada «culminacion principal ibérica de Staub».

Aceptando provisionalmente a crasificacion das tres únicas terrazas que van rexistradas no baixo Miño, e sin entrar a consignar ás investigazóns realizadas en Portugal que xa temos exposto no traballo en que estudamos o paleolítico tudense⁽¹⁾, daremos alguns datos referentes ás observazons levadas a cabo na Galiza nestes anos derradeiros, xa por nós mesmos no terreo

en que asentan as estazóns eiqui estudiadas, xa por xeólogos no curso inferior do río Miño.

A primeira terraza tópase no seu punto máisimo no lugar de Seixo (Tomiño), ao que da nome a característica presenza de «seixos» ou «cantos rodados», do latin *saxu*, chamados tamen «callaus» e «coios» voces breves e expresivas con que se designa en Galiza o núcleo mineral primitivo. Iste lugar de Seixo tópase a 50 m. sobre do nivel do mar, que tanto val como decir do río, porque iste sofre eiqui, con moita mais intensidade que en Tuy, o fluxo e refluxo das augas do Océano. En alguns puntos, v. gr. en Carregal, tópase ista terraza visiblemente afectada polos típicos bombeamentos en «lombo de asno» das terrazas superiores, constituindo outeiros ou cotos de acusado releve.

A segunda terraza, tamén polo xeral con acusados siñás de bombeamentos, érguese aos 12-20 m. sobre do río, sendo aquela en que está asentada a vila de Goián.

A terceira terraza sai dos 5-7 m. de outura máxima e desciende hastra o río, mergullándose no leito actual (As Bouzas, Eiras).

Os longos pedregaes de cuarcita alternan en toda a comarca con abondosos xacimentos arxilosos, ás veces en forma de grandes bulsas e outras veces misturándose os sedimentos de os dous mineraes. A arxila presenta o aspecto bermello que caracteriza a presenza do ferro; a maior parte dos pedregullos rodados sufriron a acción do tinguido en contacto ca arxila que nos instrumentos tallados ofrece muitas vegadas unha lene pátina lustrosa. Hai tamén con certa abondosidade curiosas concrecions férricas que son chamadas pela terra «pedras de estoirar» a causa de que, debido ás numerosas binchas de aire que conteñen, estralan ao ser sometidas á accion do lume. E, en fin, non é infrequeinte a aparizón de «löess» pardo-amarelo ou grisáceo, cuia eisistencia tamén temos comprobado en Tuy, coetâneo, sin dúbida, do inter-

glaciar Tyrreniense e da glaciacion Rissiense, sendo doad o percepber nalguns casos a acción do tinguido en certos títiles que permaneceron en contacto con il.

De todas sortes, temos de consignar que as formacións aluviaes, tanto nista comarca como na de Tui, e en xeral, ao longo do curso do Miño adoitan ofrecer patentes anomalías, tanto na continuidade das terrazas, con frecuentes e amplas soluções, como nas suas respectivas altitudes, polo que coidamos oportuno traer eiquí istes parrafos de un notabel traballo de C. Vidal Boix (⁹), sobre de tan interesante cuestión: «Na marxe izquierda do Miño encóntranse tamen representadas as terrazas fluviaes, singularmente no depósito de 25-30 m. de outura que aflora ao longo da estrada que desde a ponte sobre do río sobe en curva deixa a cidade de Ourense, servindo de base áos edifizos da poboazón cuias prazas e ruas principaes servíronse da articulación que a presenza das terrazas imprime á ladeira montuosa do val».

«Augas abaxio de Ourense — prosegue — o río descende dende os 110 m. de altitude á que corre pola dita poboazón, en suave costa entre abas montesías que, lonxe de facer doce o seu perfil, seguen chegando á bocanriba en pendentes taludes boscosos que alternan con ensanchamentos, asento de unha das mais ricaces a poboadas terras galegas».

«Logo os meandros do Miño levan á comarca de Ribadavia — continua o autor — unha das mais poboadas e de meirande personalidade e característica xeográfica».

«Con iste segmento fluvial, tan animado na sua paisaxe, nos seus cultivos, na sua xeografía humán, escomenza un tramo, o derradeiro, no que predomina como principal rasgo morfolóxico a inestabilidade dos blocos corticales, cuios movementos seguiron deixa época xeoloxica moi recente».

«E. Scheu, primeiro, (1913) (⁶) e H. Lautensach dempois (1932) (⁷), fixeron estudo do terrazamento do Miño na sua rexion

final comprendida entre Ourense e a foz. Especialmente o segundo investigador nos estudos realizados singularmente na marxe portuguesa do grande río fronteirizo, establece a existencia de tres principaes niveles de terrazas cuios perfiles lonxitudinaes en esta derradeira rexión fluvial presentan anomalías moi acentuadas que determinan a clasificazón do principal río peninsular do NW entre os mais anómalos españoles».

«As terrazas fluviales que nós temos estudiado hasta Ourense-Ribadavia con caracteres normales, que indican estabilidade cortical, experimentan, augas abajo de ista derradeira cidade elevacions anormales por riba do leito fluvial somentes expicabres por elevacions do chan moi modernas, cercanas á actual liña litoral, incurvacións que acadan valores máisimos de frente a Cortegada e San Pedro da Torre, fenómenos de abovedamento posterior ao depósito das terrazas outas, das que a media, asegún Lautensach, é de edade algo mais antiga que a glaciaciación wurmiense».

«Ista tectónica do pais miñoto hispano-portugués reflexa unha e exacerbacion dos movimentos a favor de numerosas liñas de fractura, marcadas pelos abondosos manantiaes de augas-termaes existentes na rexión e seu anormal reflexo nas terrazas mariñas (Lautensach-Machatschek) (⁸) e fluviaes, todo o coñal ten singular importancia pra o escrarecimiento da historia morfolóxica da costa galega que non sería, pois, de se confirmar istos feitos por novas investigacións, unha sinxela costa de afundimento, senón que alguns episodios de erguemento estarian intercalados n-ela. Por outra banda, ningun de istos fenómenos de tectónica recente do territorio miñoto de perto do Atlántico nos pode causar sorpresa xa que era coñecido o moi moderno rexuvenecemento das redes fluviaes galegas, cuia correspondente excavacion ainda non ten chegado ao interior do país que conserva a sua fisonomía terciaria» (⁹).

LOCALIZACIÓN DOS ACHÁDEGOS

Xa levamos indicado que os lugares onde foron recollidos os útiles paleolíticos obxeto de estudo son os desinxados na carta do



Fig. 1 — Carta Paleolítica de Galicia: 1 — A Guardia; 2 — Camposancos; 3 — Salcidos; 4 — O Rosal; 5 — S. Miguel de Tabagón; 6 — S. Juan de Tabagón; 7 — S. Bartolomé das Eiras; 8 — S.ta María de Oya; 9 — Loureza; 10 — Goyán; 11 — Figueiró; 12 — Estás; 13 — Tomiño; 14 — Barrantes; 15 — Forcadela; 16 — Amorin; 17 — Sobrada; 18 — S. Salvador de Tebra; 19 — Pexegueiro; 20 — Areas; 21 — Randufe; 22 — Tuy; 23 — Rebordans; 24 — Ribadelouro; 25 — Guillarey; 26 — Baldráns; 27 — S. Miguel de Oya; 28 — Cortuxo; 29 — S. Paio de Navia; 30 — Maeira; 31 — Carballiño; 32 — S. Juan de Soane; 33 — Mesiego; 34 — Partovia; 35 — S. Mamed de Canda; 36 — Vilella; 37 — Ourense; 38 — Os Peares; 39 — Loureda; 40 — Bayona.

baixo Miño (Fig. 1 e 2) baixo dos números 3 a 18, ambos inclusive, designados pol-a capital da freguesía. Comprenderase, por tanto,

que as áreas de expansión, o que poderíamos considerar como verdadeiras estacións, invaden os lindeiros de parroquias diversas (v. Fig. 1).

Dende Salcidos, na Guardia, localidade inmediata a Camposancos, os novos xacimentos descobertos bordean a marxe galega




Fig. 2 — Distribución das Estacións Paleolíticas do baixo Miño, margem dereita (Galicia) e margem esquerda (Portugal) :

- 1 — A Guardia ; 2 — Camposancos ; 3 — Salcidos ; 4 — O Rosal ;
- 5 — S. Miguel de Tabagón ; 6 — S. Juan de Tabagón ; 7 — As Eiras ;
- 8 — Goyán ; 9 — Loureza ; 10 — Oya ; 11 — Figueiró ; 12 — Estás ;
- 13 — Tomiño ; 14 — Barrantes ; 15 — Forcadela ; 16 — Amorin ; 17 — Sobrada ; 18 — S. Salvador de Tebra ; 19 — Pexegueiro ; 20 — Areas ;
- 21 — Randufe ; 22 — Tuy ; 23 — Rebordans ; 24 — Ribadelouro ; 25 — Guillarey ; 26 — Baldrans ; 27 — Peso ; 28 — Fiais ; 29 — Monçao ; 30 — Ganfei ;
- 31 — Fontoura ; 32 — Campos ; 33 — Cerveira ; 34 — Gondarém ; 35 — Lanhelas ; 36 — Vilar de Mouros ; 37 — Seixas ; 38 — Argela ; 39 — Vilarelho ;
- 40 — Venade ; 41 — Moledo.

do Miño hasta Torrón (Sobrada) e van rematando as faldras da montaña, si ben nesta ascensión decrece, como é natural, e limita ca parroquia de Areas a mais occidental do Concello de Tui, con cuios xacimentos paleolíticos de Antas e O Marquiño enlazan os que agora rexistramos.

Numericamente, As Eiras e Goián ostentan as máximas representacións; pero ben se bota de ver que o notorio desnivel obedece principalmente a que foi en ambas localidáns en onde os nosos colaboradores e nós mesmos temos traballado con maior intensidade. No plano adxunto, que debemos á xentileza do ilustre pintor D. Antonio Fernández (Fig. 3) podem apreciarse lugares e volumes relativos aos achádegos feitos en Goián, con indicazón das respeitivas altitudes sobre do río. Como notas acrísticas ao dito plano conven facer constar:

1.º — Os achádegos que abranguen cáse que toda a área da parroquia exténdense dende o propio nivel do río Miño hasta a ermida de San Lourenzo e lugar de Vaqueira, a 64 m. sobre do río;

2.º — A maior parte dos achádegos citados saen entre os 10 e 25 m. de altitude e corresponden ás zonas de doble e simple riscado, sendos as derradeiras as mais abundosas;

3.º — Con proporción moi aprosimada pode calcolarse que doux terzos dos instrumentos líticos recolleitados corresponden ás zonas riscadas, e o outro terzo tópouse espallado pol-o resto da freguesía;

4.º — As letras do plano (Fig. 3) corresponden aos seguintes lugares:

A: Regatiño; B: Bairro da Centinela e Ameixeiras, e, ao extremo Leste, Baldío da Moura; C: Veiga de Antón (ao longo do seu marxe Leste); D: Igrexa Vella, Devesa de Igrexa (ao Oeste) e Raposeira e Devesiña (ao Leste); E: Vimieiro (cara ao Norte, Fonte do Pazo), Barbeitos (Sudoeste) e Quinta da Torre e Barbis (Sur); F: Castillo e Pinelas (ao Oeste); G: Chavolas e, ao Oeste, Trincadeiras; H: Veiga de Tollo (parte Norte) e, pra o Leste, Barreiros.

Si pensásemos en conferir categoría de estazón a alguns de istos lugares teríamos de fixar a nosa atenzón nos de Veiga de

Tollo e Vimieiro, principalmente, que, como o das Bouzas, en Eiras, son os logares de maior densidade dos xacimentos, con grande diferenza sobre dos outros, sendo de intrés acusar que na zona primeiramente citada as industrias representadas límitanse,




Fig. 3 — Plano con indicación dos niveles dos achádegos en relación ao río Miño.

cáseque exclusivamente, ao *campasanquiense*. Mais, a verdade é que maxinamos ser unha soa e vastísima estazón a que abrangue a área exrorada; estazón única, de culturas reiteradas a unha e a outra banda do Miño, con tal similitude tipolóxica que por forza tense de concuir ser productos de pobos únicos tamen.

Con respecto da densidade por terrazas, non coidamos necesario establecer un cuadro comparativo puntual, pois salta á




Fig. 4 — Algunos útiles de Eiras (Col. A. Blázquez).

vista, craramente, que é na segunda onde se teñen recollido a maoria dos utieis. Mais, eiquí é imprescindible formular as necesas-




Fig. 5 — Algunos útiles de outras localidades do baixo Miño (Col. A. Blázquez).

rias salvedades que resultan do carácter epígeo dos achádegos. Os aportes fluviaes e mais a humana laboura de acarrexo non

nos permiten tomar como referencias certas de crasificazón as respectivas referencias certas dos útiles en relazon cas terrazas




Fig. 6 — Conxunto de pezas paleolíticas de Goyán (Col. A. Fernández).

eisistentes. Mais por enriba da primeira, isto é moi por cima dos 50 metros, topáronse instrumentos en Loureza, San Salvador de Tebra e Barrantes; e si é lóxico pensar que poderian ser aportados ali pol-o propio home que os utilizou, a longas distan-

zas do taller, con mais razon o poderian ser, atraves dos milenios, por outros homes no continuo trasego de terras. Somentes en Eiras apareceu un instrumento nunha trincheira a 1,40 m. de fondura, e outros mais superficiaes, antre a arxila das barreiras da segunda terraza, en Goián. Coidamos que moi ben poden ser considerados estos achádegos como realizados *in situ* anque, polo demais, con ausenza de todo vestixio faunístico ou botánico que puidesen suministrarnos novos datos de clasificazón.

Temos de nos ater, pois, n-esta parte da nosa tarefa á suma de datos que xa temos utilizado na clasificazón das industrias tudenses, a saber: tipoloxía e técnica da talla, pátina e demais mostras do tempo — desgaste por rolamento, fracturas recentes, descomposizón mineral, etc. —, características xeolóxicas da comarca e paralelismos cos achádegos inmediatos xa rexistados. Nas figs. 4, 5 e 6, damos a reproducción de fotografías de alguns conjuntos de útiles colleitos en varias localidades.

CRASIFICAZON DOS INSTRUMENTOS

Concello de A Guardia

SALCIDOS. — N-ista localidade emprazada antre a veira dereita do río Tamuxe e as faldras da citania de Santa Trega, recolleu D. Eliseo Alonso seis instrumentos, clasificados eisí:

1 machado do *acheulense antiguo*, 1 machado do *acheulense meio*, 3 útiles *camposanquienses* e 1 pico *asturiense*. De eles reseñamos, como más interesantes, as duas pezas que seguen:

N.º 1 (fig. 7) — Machadiña bifacial do *acheulense meio* de cuarcita branco-cincuenta; pátina pouco acusada, cativa porción de superficie natural e talla directa a grandes lascas. Mide $10 \times 7 \times 4$ cm.

N.º 2 (fig. 8) — «Coup-de-poing» raspador *camposanquieno*; cuarcita cincuenta, talla bifacial (o que constituye nota de excepción),

sin pátina; unha das faces tallada por percusión directa e a outra sobre bigornia. Mide $13 \times 9 \times 5,50$ ctms.




Fig. 7 — Machadiña bifacial do *acheulense meio* de Salcidos. Talla a grandes lascas; pátina pouco acusada (Concello de A Guardia).




Fig. 8 — «Comp-de-poing» raspador *camposanquienense* de Salcidos.

Topada no camiño ao Pasaxe Camposancos; mais en terminos de Salcidos.

Concello de O Rosal

O ROSAL. — N.^o 3 (fig. 9) — Eliseo Alonso recolleu no lugar de Marzán un «coup-de-poing» *camposanquien* moi semellante ao N.^o 2, cuarcita tamen de talla bifacial por percusión directa, pátina pouco acusada. Mide 11 × 9 × 5 ctms.




Fig. 9 — «Coup-de-poing» *camposanquien* de O Rosal.

SAN MIGUEL DE TABAGÓN. — Dous instrumentos foron topados n-esta localidade:




Fig. 10 — Machado *acheulense meio* de S. Miguel de Tabagón.

Un machado bifacial de gumes vivos, sin pátina, que probablemente estivo sepultado hastra o löess recente a causa da

côracion bermelliza uniforme nas superficies tallada e natural. Lembra os cantos truncados de estilo lusitano e foi topada pol-o alumno da escola do Sr. Diaz Alvarez, Florindo Rocha, na chamada Costa de Morán. O outro instrumento é o seguinte:

N.^o 4 (fig. 10) — Machado bifacial do *acheulense meio*, cuarcita lixeiramente rolada, tallada simplemente, a grandes lascas, por percusion directa; unha das faces ostenta, prolongándose cásque hastra o pico, unha gran zona de superficie natural limitada na oposta á zona de aprehensión. Mide 13 × 9 × 6,50 ctms.

Topada por D. Antonio Fernández, en Pias, marxe dereita do río Tamuxe.

SAN XOAN DE TABAGÓN. — Nesta freguesía foron topados seis instrumentos de cuarcita, catro *camposanquienses*, dous recollidos por D. A. Fernández, un por Florindo Rocha, citado, e outro por D. Silvino Diaz Paz. Outro dos útiles é un machado bifacial, con unha das faces ampliamente tallada con duas grandes lascas planas, e a outra face sin mais labra que duas esmonaduras sobre bigorna na punta.

Foi topada pol-o Sr. Fernández. Tamen foi recollido o seguinte:

N.^o 5 (fig. 11) — Pico *proto asturiense* en un seixo rolado de cuarcita cincuenta, con señaes de rolamanto. Mide 16 × 9 × 8 ctms., sendo a sua seízon transversal cásque circular.

Topado por D. A. Fernández no lugar de A Portela onde tamen recolleu os tres citados.

SAN BARTOLOMÉ DAS EIRAS. — Ista zona é unha das mais pródigas en achádegos á que somentes aventaxa a fecundísima parroquia veciña de Goián. Na sua maior parte foron recolleitados os instrumentos por D. Pedro Diaz e D. Silvino Diaz Paz. Das 166 pezas topadas, limitámonos a describir somentes as más típicas ou provistas de algunha particularidade interesante.

N.º 6 (fig. 12-a) — Pico *abbevilliense* de um seixo de cuarcita cór de avelán; labra directa a grandes lascas practicadas nas catro caras do seixo, de seizon transversa, sensiblemente cuadrangular; magnifica pátina eólica de aspecto cerúleo, que proporcionou á superficie tallada unha aparenza semellante á da superficie natural. Característica mui cursidosa de isto pico, repetida en mais eixemprares, é a escotadura terminal, logrado por




Fig. 11 — Pico *proto-asturiense*.

dous intelixentes golpes, que lle da un acusado aspecto de garra, como si a finalidade fose, en efecto, a da dar ca arma unha intenzo desgarrante. Mide 15 × 8 × 7 cm.

Foi topada no camiño antigo de Eiras a Goián, perto das Bouzas.

N.º 7 (fig. 12-b) — Pico *abbevilliense*, de un seixo rolado de cuarcita de cor da avelán; talla directa e sobre de bigorna, en xeral a grandes lascas, con lixeiros retoques que afecta á casi totalidade do instrumento, conservandose unha pequena zona de superficie natural. Magnífica pátina eólica, de aspecto lustroso, que

da á zona labrada aparenza de superficie natural. Seízon transversal cuadrangular. Mide $18 \times 8 \times 7$ ctms. Topada en As Bouzas.

N.º 8 (fig. 13) — Machado *clactoniense* obtido de unha lasca de cuarcita branco-cincenta; grandes lascas, sin retoques marxinaes e acusado bulbo de percusión. Anque non propiamente bifa-






Fig. 12 — Picos *abbevillienses*.

cial, presenta na cara plana retoques posteriores que a contornean; pátina eólica ben acusada. Mide $15 \times 8 \times 5$ ctms.

Topouse no pinal de A Pallaceira.

N.º 9 (fig. 14) — Machado amigdaloide, do *acheulense inferior*, obtido de un seixo plano de cuarcita, tinguido en toda a sua superficie da cór pardo roxiza do löess antigo. Talla directa moi ben lograda polo seu fino lascado e retoques marxinaes; bordes sensiblemente rectos; unha das caras toda tallada, e a outra con unha pequena zona da superficie natural. Pátina eólica moi acusada. É unha das mais formosa pezas de Eiras. Mide $19 \times 10 \times 4$ ctms.

Foi recollida no bairro de Carril.

Fig. 13 — Machado *clactonense*.Fig. 14 — Machado *acheulense inferior*.

N.º 10 (fig. 15) — Machado rectangular do *acheulense inferior* de un seixo de cuarcita; percusión directa a grandes




Fig. 15 — Machado *acheulense inferior*.

lascas que abrangue a cásquea totalidade de ambas faces deixando apenas unha limitada zona de superficie natural na banda superior do instrumento que encaixa no cunco da man; bordes rectos; pátina eólica moi acusada. É unha peza de tipo orixinal, magnificamente lograda. Mide $15 \times 10 \times 4$ ctms.

Topada no mesmo Eiras.




Fig. 16 — a, machadiña *acheulense meio*; b, idem *acheulense superior*.

N.º 11 (fig. 16-a) — Machadiña do *acheulense meio*, feito de un seixo de cuarcita roxiza; talla bifacial que comprende cásquea

toda a superficie deixando unha pequena porción natural como zona de aprehensión. Pátina eólica ben definida. Mide $8,50 \times 5,50 \times 4$ ctms. Topada n-As Bouzas.

N.º 12 (fig. 17-b) — Machadiña do *acheulense superior* de un seixo de cuarcita cincuenta talla bifacial, con abondosos retoques hastra obter un gume agudo, lixeiramente sinuoso e cortante que pola dureza excepcional do mineral eiquí utilizado se conserva




Fig. 17 — a, machado de abano *camposanquiense*; b, machadiña *acheulense superior*; c, lasca tipo *levallois*.

sumamente vivo; escasa pátina e ausenza de desgaste por rolamanto, o que demostra debeu xacer sepoltada hastra época moderna. Trátase de unha peza excepcional polo ben lograda. Mide $8,50 \times 7,50 \times 3$ ctms. Toupouse n-As Bouzas.

N.º 13 (fig. 17-c) — Lasca perforadora do tipo de *Levallois* contemporáneo do *acheulense meio*, de dorso curvo, obtida sin retoque por un lascado de fortuna, e retocada de intento na parte inferior izquierda do pedúnculo para facilitar a aprehension.

É unha das poucas pezas topadas «in situ», pois foi extraída por D. Pedro Diaz de unha trincheira recen aberta a 1,50 m. de profundidade na estrada de Eiras a Tabagon, lugar de Picóns. Mide $6,50 \times 3,50 \times 1,50$ ctms.

N.º 14 (fig. 16-b) — Lasca-raspador do *levalloisiense medio*, conservando parte da superficie natural del canto rodado, reto-


cado minuciosamente no bordo inferior con pequenas lascas en zig-zag e traballada por ambos os lados no superior pra a aprehensión. Mide $7 \times 5 \times 2$ ctms. Topada en Eiras.

N.º 15 (fig. 17-a)

— Machado en forma de abano, *camposanquiense*, obtido de un seixo de cuarcita pardo-cincuenta; labra monofacial por percusión directa con pequenos retoques no gume; superficie natural na zona de aprehensión, escasa

Fig. 18 — a, disco; b, machado *camposanquiense*.
pátna e indicios de rolamento. Mide 11,50 ctms. de seixo
maor $\times 10 \times 6$. Topada n-As Bouzas.

N.º 16 (fig. 18-a) — Disco raspador *camposanquiense*, de un seixo plano de cuarcita pardo-roxiza; labra monofacial sobre bigornia; tipica sección troncocónica. Mide 9,50 ctms. de radio máisimo no circulo maor (base), por 6,50 ctms. o do circulo menor e 3 ctms. de grosso.



Topado pol-o Sr. Paz no camiño de Valdechores que conduce ao castro da Madanela a 40 m. sobre do nivel do río.

N.^o 17 (fig. 18-b) — Machado *camposanquiense*, do tipo chamado «pico de pato», de un seixo plano de cuarcita pardecenta; talla directa e sobre da bigorna con sináes de rolamento. Mide 9,50 × 9,50 × 4 ctms. Topada en Valdechores.




Fig. 19 — *a*, machado monofacial *proto-asturiense*; *b*, pico *asturiense*.

N.^o 18 (fig. 19-a) — Machado monofacial *proto-asturiense* de un seixo plano de cuarcita pardo-anegrada; talla por percusión directa a grandes lascas, con retoques no gume; ausencia de pátina e roces. Iníciase n-ela a forma típica do pico. Mide 16 × 14 × 5 ctms. Topada por Vicente Eiras.

N.^o 19 (fig. 19 b) — Pico *asturiense* de un seixo de cuarcita pardo-cincuenta; lascado por percusión directa, obtida de tres grandes golpes e un leve retoque; na face de superficie natural hai unha lasca lonxitudinal posiblemente anterior á feitura do instrumento. Falla a punta por rotura antiga. Mide 11 >< 9 >< 4 ctms.

Topado por A. Blázquez n-As Bouzas.

N.^o 20 (fig. 20) — Pico *asturiense* de un seixo plano de cuarcita pardacenta; labra por percusión directa con leves retoques; sináes de rolamento. Mide 11×7×3,50 cm. Topado en Eiras.




Fig. 20 — Pico *asturiense* em seixo plano topado en Eiras (San Bartolomé das Eiras).

Concello de Oya

FREGUESÍA DE LOUREZA. — Don Antonio Fernández recolleu nesta localidade, situada entre as vertentes de duas montañas, onde ten seu nacemento o río Tamuxe, dous instrumentos tallados: un formado por un seixo truncado de estilo lusitano e o outro polo machado camposanquiense que dempois reseñamos. As pedras roladas ou seixos escasean nesta zona, topándose somente poucos nas veiras e no canle do mentado río, ofrecendo ademais, polo xeral, aspecto poroso da cuarcita en descomposizón. A localización de istes achádegos é a mais septentrional dos rexistados deica hoxe no baixo Miño, circunstancia ista que lles confire especial interés.

N.^o 21 (fig. 21) — Machado de *camposanquiense*, obtido de un seixo grosso, de cuarcita branco-cincuenta; talla sobre de bigor-

nia lograda mediante tres únicos golpes e retoques na punta pra rebaixar ista e obter o curvamento enxebre do «abanico» ou leque. Acusado rodamento. Mide $12 \times 5 \times 5$ ctms. Topada en Loureza.




Fig. 21 — Machado *camposanquiense*.

Concello de Tomiño

FREGUESÍA DE GOIÁN.—A notabre laboura de búsqueda levada a cabo nesta freguesía dou por resultado o maor acopio de materiais rexistados no baixo Miño con un total de 433 pezas. Describíremos somentes alguns instrumentos das diversas culturas, que consideramos revestidos de maior interés.




Fig. 22 — Machadiña *clactono-abbevilliense*.

N.º 22 (fig. 22) — Machadiña bifacial *clactono-abbevilliense*, obtida de unha lasca de cuarcita sin retoques e con acusada pátina eólica. Mide $11 \times 6,50 \times 3$ ctms.

Topada no lugar de San Roque por A. Fernández.

N.º 23 (fig. 23) — Machado amigdaloide *abbevilliense* obtida de unha gran lasca de cuarcita; talla bifacial con amplio lascado




Fig. 23 — Machado *abbevilliense*.

sin retoques. Pátina eólica acusada. Mide $15,50 \times 10 \times 5$ ctms.
Achádego de E. Alonso no lugar do Castelo.




Fig. 24 — Machado *abbevilliense*.

N.º 24 (fig. 24) — Machado amigdaloide *abbevilliense*, obtido de unha grande lasca de cuarcita retocada marxinalmente na

superficie de lascado; bordos rectos que fan lembrar a técnica *acheulense*. Forte pátina eólica. Mide $17 \times 9,50 \times 4$ ctms.

Topado por A. Fernández no lugar da Raposeira.

N.º 25 (fig. 25) — Machado oval *clactoniense*, de unha gran lasca de cuarcita da cór da avelán; amplio lascado sin retoques, con labra monofacial sobre bigornia e acusado bulbo de percusión. Pátina eólica, non moi forte, acaso debida á dureza do




Fig. 25 — Machado oval *clactoniense*. Amplio lascado sin retoques. Labra monofacial.

material ou a ter estado soterrada. Trátase de un dos mais típicos exemplares do *clactoniense* topados nesta comarca. Mide $16 \times 11 \times 7$ ctms. Topado por E. Alonso en Soutelo.

N.º 26 (fig. 26) — Machado de lasca, de tradición *clactoniense*, mais con tecnicia de talla craramente *acheulense* que podería, pois, clasificarse como *clactono-acheulense*. É intresante pol-o seu limpo corte longitudinal obtido no seixo, o que permitiu obter un gume cortante e vivo practicándose dempois o agudo pico, sin apenas retoques marxinaes. Mide $18,50 \times 11 \times 5$ ctms.

Achádego de A. Fernández en O Vimieiro.

N.^o 27 (fig. 27) — Machado de lasca *clactono-abbevilliense*, de técnica primitiva a grandes lascas sin retoque. Forte pátina eólica.




Fig. 26.— Machado de lasca de tradición *clactoniense* e talla *acheulense* e, como tal, pode clasificarse como *clactono-acheulense*.




Fig. 27 — Machado de lasca *clactono-abbevilliense*.

Mide $14,05 \times 7,50 \times 50$ ctms. Topado por E. Alonso en Barbeitos.

N.^o 28 (fig. 28) — Raspador de lasca, *acheulense antiguo*, en cuarcita pardo roxiza, con zeitosos e miudos retoques marxinaes. Pátina eólica moi acusada. Mide 12,50 × 9,50 × 3 cm.

Topado por A. Fernández en O Vimieiro.




Fig. 28 — Raspador de lasca *acheulense antiguo*.




Fig. 29 — «Coup-de-poing» *acheulense antiguo*.

N.^o 29 (fig. 29) — «Coup-de-poing», *acheulense antiguo*, obtido de un grande seixo de cuarcita roxa, con amplio lascado por per-

cusion directa, practicado ao longo de ambos lados do eixo maior e deixando unha zona central de superficie natural; bordo recto, con escasos retoques; forte pátina eólica. Mide $18 \times 11 \times 6,50$ ctms.

Topado por E. Alonso en A Fontela.

N.^o 30 (fig. 30) — Machado amigdaloide do *acheulense antiguo*, obtido de un seixo plano de cuarcita; amplio lascado en unha das faces, deixando pequena superficie natural e mais limitado na




Fig. 30 — Machado *acheulense antiguo*.

oposta, parecendo que iste foi practicado por percusión directa; bordo sinuoso; moi boa pátina. Mide $17 \times 10,60 \times 5$ ctms.

Topado por E. Alonso en O Vimieiro.

N.^o 31 (fig. 31) — Machado amigdaloide, *acheulense antiguo*, de un canto rodado plano de cuarcita; amplio lascado bifacial por talla directa; bordo sinuoso; pátina ben visibre e sinaes de rolamanto. Mide $17 \times 11,50 \times 4$ ctms.

Topado por A. Fernández en Regueiro de Tollo.

N.^o 32 (fig. 32) — «Coup-de-poing» cordiforme do *acheulense antiguo*, tallado previamente sobre bigornia en torno ao seu perímetro e lascado despois lateralmente na punta, todo o que

constituie un tipo orixinal do que iste instrumento é exemplar único. Mide $14 \times 10 \times 6$ ctms.




Fig. 31 — Machado *acheulense antigo*.




Fig. 32 — «Coup-de-poing» *acheulense antigo*.

Foi topado por A. Fernández no corrente do Regueiro das Zarradas, perto do muiño chamado de «O chourizo».

N.º 33 (fig. 33-a) — Machadiña amigdaloide. *Acheulense antigo*; talla directa retocada; escasa superficie natural; bordos sinuosos; forte pátina. Mide $12 \times 7 \times 4,50$ ctms.

Topada por A. Fernández en A Fontela.

N.º 34 (fig. 33-b) — Machadiña bifacial do *acheulense meio* obtida de un seixo rolado de cuarcita de cor de palla; talla




Fig. 33 — a, machadiña *acheulense antigo*; b, idem, *acheulense meio*.

directa; unha das faces presenta gran lasca central, paralela á superficie natural da cara oposta; pátina eólica regularmente acusada. Mide $9 \times 7 \times 4$ ctms.

Topada por E. Alonso no Cruceiro do Pazo.

N.º 35 (fig. 34) — Machado cordiforme *acheulense meio*, de un seixo plano de cuarcita; talla practicada a pequenas lascas que bordean todo o perímetro do instrumento agás na parte

superior onde se respeta a superficie natural para facilitar a aprehension; bordos rectos. Iste tipo de machado, de formas




Fig. 34 — Machado *acheulense meio*.

regulares e certamente armónicas, témolo visto repetidamente no *acheulense* do Baixo Miño. Mide 16 × 9,50 × 3,50 ctms.

Topado por A. Fernández na Veiga de Tollo.




Fig. 35 — Machado *acheulense meio*.

N.º 36 (fig. 35) — Machadiño amigdaloide, do *acheulense meio*, de um seixo de cuarcita; unha das faces foi obtida con só

dous golpes de percusión retocados no gume; a outra presenta asimismo tres grandes lascas con outras menores de retoque; bordos rectos; pátina ben acusada e rozamentos. Mide $17 \times 13 \times 6$ ctms.

Topado por A. Fernández no lugar de A Vaqueira (Bairro do Espírito Santo).

N.º 37 (fig. 36) — Raspador de lasca, *acheulense superior*, en cuarcita pardo-roxiza: duas grandes lascas da face oposta à superficie de fractura e dez ou doce pequenos retoques no gume, prac-




Fig. 36 — Raspador de lasca *acheulense superior* com retoques no gume.

ticados por talla opoiada pra dotalo da necesaria sinuosidade. É unha curiosa peza de pouco corrente tipoloxia. Boa pátina eólica. Mide $16 \times 10,50 \times 4,50$ ctms.

Topado por A. Fernández en O Castelo.

N.º 38 (fig. 37) — Machado amigdaloide, *acheulense superior*, nun seixo de cuarcita cincuenta; a face posterior ostenta unha grande parte da superficie natural, con lascado imperfeito, sin retoques; bordos sinuosos; pátinas e siñaes de rolamento. Mide $13 \times 8 \times 3,50$ ctms. Topado por E. Alonso en O Vimieiro.

N.º 39 (fig. 38) — Machado cordiforme, do *acheulense superior*, obtido de un seixo de cuarcita roxiza; percusion directa a grandes lascas, sin retoques, bordos lixeiramente sinuosss. Sobresai n-esta




Fig. 37 — Machado *acheulense superior*.

peza a ouquedadade practicada na banda postero-superior do instrumento co indudable fin intencional de facer dodata a aprehension, pois en ela encaixa perfectamente a xema do dedo polgar. Esta ouquedadade




Fig. 38 — Machado cordiforme *acheulense superior*.

parece ter sido obtida mediante pequenos golpes de percusion e perfeccionada despoxio por rozamento, Mide $12,50 \times 10 \times 5,50$ ctms.

Achádego de A. Fernández entre os bairros de San Lourenzo e A Gándara.

N.º 40 (fig. 39) — «Coup de poing», *acheulense superior*, de un seixo de cuarcita pardo-roxiza; lembra certas formas do *campsanquien* inicial, e ofrece a particularidade de ostentar, ao




Fig. 39 — «Coup-de-poing» *acheulense superior*.

igoal que a peza precedente, ouquedades pra facilitar o manexo, mais eiquí en duplo número, unha por cada banda. A pátna que se observa en estos rebaixamentos é, indudabelmente da mesma




Fig. 40 — Machado *acheulense superior*.

época da talla, sendo tamen evidente o seu orixe intencional xustificado polo fin práctico loxicamente atribuible. Mide 10×8,50×6 ctms. Achado en Goián por E. Alonso.

N.º 41 (fig. 40) — Machado lanceolado, *Acheulense superior*, de un seixo de cuarcita roxiza; amplio lascado por percusión directa, mais miudo en canto se achega ao bico; bordos rectos e acusada curvatura do instrumento de cara á parte interna. Fáltille a punta por rotura antiga. Tratase de unha ferramenta moi semellante a outra rexistada por nós en Tuy.




Fig. 41 — Punta de lasca do *levalloisiense meio*.

Mide $17 \times 12 \times 6$ ctms. Achádego de A. Fernández no lugar O Poste.

N.º 42 (fig. 41) — Punta de lasca do *levalloisiense medio*, de tradición *acheulense*, en cuarcita roxiza. A superficie de fractura retocouse con unha lasca lateral pra determinar a punta; a superficie natural foi contorneada con abondosos golpes por percusión directa. Falta a punta por rotura antiga. Mide $12,50 \times 8 \times 3,50$ ctms. Topada por A. Fernández no bairro de San Lourenzo.

N.º 43 (fig. 42) — Punta de lasca do *levalloisiense medio*; talla monofacial sobre bigornia na banda que determina a punta, e directa nos bordos superiores; boa pátina. Mide $10 \times 5,50 \times 3$ ctms. Topada por E. Alonso en O Vimieiro.

N.º 44 (fig. 43) — Machado-raspador *acheulo-camposanquiense*, obtido de un groso seixo de cuarcita pardo-roxiza; labra bifacial




Fig. 42 — Punta de lasca do *levalloisiense* meio de tradizón *acheulense*.

en tres coartas partes do perímetro, ficando unha parte da superficie natural pra a aprehensión; boa pátina eólica. A forma




Fig. 43 — Machado *acheulo-camposanquiense*.

anunza os discos *camposanquienses*. Mide $14 \times 11 \times 6,50$ ctms.
Topado por A. Fernández n-O Vimieiro.

N.º 45 (fig. 44) — Machado de abano *camposanquiense*; labra indirecta, de amplio lascado con leves retoques no gume; siñaes de rolamento. Mide $14 \times 11 \times 6$ ctms.

Topado por A. Fernández n-As Trincadeiras.




Fig. 44 — Machado de abano *camposanquiense*.

N.º 46 (fig. 45) — Machado de abano *camposanquiense moderno*; labra sobre bigornia, con vivo lascado sin patinar nin siñaes de rolamento; ausenza de retoques. Mide $13 \times 13 \times 5,50$ ctms.




Fig. 45 — Machado de abano *camposanquiense moderno*.

Topado por E. Alonso no bairro de San Lourenzo, Cruceiro de Modesto.

N.^o 47 (fig. 46) — Machado en «pico do pato» *camposanquiense inferior*, de un seixo de cuarcita grisácea; labra sobre de bigornia, sin retoques, forte rolamento. Mide 10 × 8 × 6 cm.




Fig. 46 — Machado em bico de pato *camposanquiense*.

Topado por E. Alonso no lugar de Pozo de Prudencio ao norte da Veiga de Tollo.

N.^o 48 (fig. 47-a) — Disco *camposanquiense* en cuarcita cincuenta; catro lascas simetricamente ordeadas no reverso, determi-




Fig. 47 — a, disco *camposanquiense*; b e c, raspadores discoidais *camposanquienses*.

nando unha especie de cruz diédrica na conxunzón das suas arestas de fractura, con unha ouquedade central quezais acen-

tuada por rozamento na que encaixa a primeira falange do dedo polegar; bordo en zig-zag. Mide $8 \times 8 \times 4,50$ ctms.

Topado por E. Alonso na Veiga de Tollo.

N.º 49 (fig. 47-b) — Pequeno raspador, discoidal, *camposanquiense meio*, sección cónica e amigadado lascado natural de técnica apoiada; vértice rebaixado para a aprehension. Mide $5 \times 4,50 \times 3$ ctms. Topado por A. Fernández en O Vimieiro.




Fig. 48 — Machado-raspador *camposanquiense*.

N.º 50 (fig. 47 c) — Raspador discoidal, *camposanquiense*, de un pequeno seixo plano; labra monofacial que abrange tres coartas partes do perímetro deixando libre unha parte de superficie natural; intenso rolamento que fixo desaparecer as arestas de lascado. Mide $6,50 \times 5,50 \times 2$ ctms.

Topado por A. Fernández en O Vimieiro.

N.º 51 (fig. 48) — Machado-raspador *camposanquiense* de un seixo plano de cuarcita; labra directa sin retoques; presenta na superficie natural unha ouquedad artificial rexistrada xa con ante-

rioridade (Ver os n.^{os} 39 e 40). Mide $14 \times 10 \times 4,50$ ctms.




Fig. 49 — Machado-raspador *camposanquienense*.

N.^o 53 (fig. 50) — Machado-raspador *camposanquienense*, de un




Fig. 50 — Machado-raspador *camposanquienense*.

seixo de cuarcita cincenta; ofrece a particularidade de ostentar

Topado por E. Alonso na Veiga de Tollo.

N.^o 52 (fig. 49)
— Machado-raspador *camposanquienense* de un seixo de cuarcita obtido mediante a fractura longitudinal da masa pétrea con posterior lascado marginal; arestas vivas, sin desgastes. Mide $17 \times 10,50 \times 5$ ctms.

Topado por E. Alonso na Veiga de Tollo.

no pico propio do machado labra polas duas bandas e unha de istas disposta como raspador. Mide $16 \times 12 \times 6$ ctms.

Topado por E. Alonso en Barbeitos.

N.º 54 (fig. 51) — Machadiño de lasca *camposanquiense antiguo*, do tipo chamado en Portugal «miriense» por toparse de abondo nas estazóns do río Mira. Temos visto moitos eixemprares en A Guardia e Camposancos; da primeira localidade posee un de




Fig. 51 — Machadiño *camposanquiense antiguo*.

nós (A. Blázquez) un magnífico, pola perfección e simetría da labra. Topado por E. Alonso na Veiga de Tollo. Mide $7,20 \times 5,50 \times 2,20$ ctms.

N.º 55 (fig. 52) — Machado do *camposanquiense antiguo*, de tipo «miriense» como o devandito, obtido de unha lasca plana de cuarcita cincuenta; a talla dos lateraes A e B sobre bigornia; o resto por percusión directa, sin retoques. Mide $9 \times 9 \times 3$ ctms.

Topado por A. Fernández na Veiga de Tollo.

N.º 56 — Pico *proto asturiense*, de un seixo de cuarcita cincuenta; abondosa superficie natural na zona de aprehensión. Mide $21 \times 11 \times 5,50$ ctms. Topado por A. Fernández en A Vaqueira.

N.º 57 (fig. 53) — Pico *proto asturiense*, de un seixo de cuar-




Fig. 52 — Machado *camposanquiense antigo*.

cita roxiza; amplio lascado por percusión directa; a zona central




Fig. 53 — Pico *proto-asturiense*.

plana anunza o pico asturiense de tipo espalmado. Lixeiramente rolado. Mide $20 \times 12 \times 8$ ctms.

Topado por Xoaquin Alonso no bairro de San Lourenzo.

N.º 58 (fig. 54-b) — Pico *asturiense* de un seixo de cuarcita, obtido mediante un número moi pequeno de golpes e leves retoque s marxinaes. Mide $10 \times 10 \times 4,50$ ctms.

Achádego de A. Fernández en O Regatiño.




Fig. 54 — Picos asturienses.

N.º 59 (fig. 54-a) — Pico *asturiense* con tendenza ao tipo espalmado; arestas vivas, sen rolamentos. Mide $7 \times 11,50 \times 4$ ctms. Topado por E. Alonso en A Fontela.

N.º 60 (fig. 55) — Machado amigdaloide *acheulense antiguo* de un seixo de cuarcita roxiza; talla por percusión directa, sen retoques, deixando ampla superficie natural; pátina eólica e señas de intenso rolamento. Mide $14 \times 10 \times 5$ cm.




Fig. 55 — Machado *acheulense*.

fonde entalle curvo que presentaba a superficie natural, de xeito

Topado por A. Fernández en Figueiró.

N.º 61 (fig. 56) — Machado de lasca, de corte transversal, do *acheulense meio*; bordos moi rectos, con leves retoques; ofrece a curiosa particularidade de ter sido aproveitado pra a aprehension da peza un




Fig. 56 — Machado do *acheulense meio*.

que resultou un volumioso bulbo, que encaixa perfectamente na

palma ou cunca da man. Boa pátina eólica. Mide $13 \times 7 \times 4$ ctms. Topado por E. Alonso en Figueiró.

N.º 62 (fig. 57) — Machado-pico do *acheulense superior*, de un seixo de cuarcita pardo-roxiza; labra sobre de bigornia, de técnica primitiva, sin retoques; acusado pico «de garra»; carenza absoluta de pátina eólica e de desgastes o que fai supor estivese soterrada hastra época recente. Mide $14 \times 10 \times 5$ ctms.

Topado por Silvino Diaz no lugar da Fonte dos Carreiros.




Fig. 57 — Machado-pico do *acheulense superior*.

FREGUESÍA DE ESTAS. — O artista Sr. Fernández recadou 8 instrumentos nesta localidade e, D. Eliseo Alonso 2 mais, os que clasificamos unha parte como pertencentes ao *acheulense meio*, 8, e outra parte como do *camposanquiniense* 2.

N.º 63 (fig. 58) — Machado amigdaloide do *acheulense meio* de un seixo de cuarcita roxiza; labra mixta (apoiada e directa) con pequenos retoques; conserva grande porcion da superficie natural que abrangue incruso a unha das faces lateraes; boa pátina; falta da punta por rotura antiga. Mide $14 \times 9,50 \times 6$ ctms. Topado por A. Fernández no bairro de Os Medos.

FREGUESÍA DE TOMIÑO.—Rocolleronse 8 pezas por E. Alonso que temos clasificadas como *clactono-abbevillienses*, 2; *acheuleuse antigo*, 1; *acheulense meio*, 3 e *acheulense superior*, 2.




Fig. 58 — Machado *acheulense meio*.

N.º 64 (fig. 59) — Machado *acheulense meio*, obtido de un seixo de cuarcita pardo-roxiza; talla directa moi extendida na face posterior e reducida a un anel marxinal na anterior; pátina eólica acusada; falta a punta por rotura antiga. Mide $12 \times 8,50 \times 4,50$ ctms.




Fig. 59 — Machado *acheulense meio*.

FREGUESÍA DE BARRANTES.—Topáronse por E. Alonso duas pezas do *camposanquiense*. Compre siñalar que ista parroquia é a mais septentrional e afastada do río Miño.

N.º 65 (fig. 60) — Machado-raspador *camposanquiense antiguo*, de tipoloxia mustieroide, si ben non ofrece unha definida talla bifacial; percusión sobre de bigornia e ausenza da pátina e rolamanto. Mide 9 × 8 × 6 cm. Topado en Cristelo.




Fig. 60 — Machado-raspador *camposanquiense antiguo*.

FREGUESÍA DE FORCADELA. — Eliseo Alonso recolleu nista localidade ribeiran 33 pezas que decorren dende do *clactono-abbevilliense* ata o *asturiense*.




Fig. 61 — Machado *clactono abbevilliense*.

N.º 66 (fig. 61) — Machado *clactono-abbevilliense* de unha grande lasca de cuarcita; ten de comun cos tipos da industria *clactoniense* a sua natureza de lasca, mais a superficie de fractura

foi tamen ampliamente tallada, resultando, en realidade, un instrumento bifacial; predomea asimesmo a talla directa; pero tamen se ollan golpes sobre bigornia con acusado bulbo de percusión; moi boa pátina eólica. Mide $21 \times 14 \times 7$ ctms. Topado en Forcadela.




Fig. 62 — Punta de lasca (*lavelloisiense primitivo?*).

N.º 67 (fig. 62) — Punta triangular de lasca: acaso de un *lavelloisiense* primitivo, semellante ao contemporáneo do *acheulense meio* do Soma; non aparece evidente a labra bifacial; pátina eólica e forte rolamento. Mide $8,50 \times 6 \times 3,50$ ctms. Topada en Forcadela.




Fig. 63 — Machado *acheulense superior*.

N.º 68 (fig. 63) — Machado subtriangular, *acheulense superior*; labra directa e apoiada, reducida na face posterior a catro

lascas marxinaes, que deixan intacta cásquea toda a superficie natural; ista circunstancia que a aproisima á talla monofacial, e seu aspecto de pico, parecen anunciar certas formas típicas do *asturiense*. Mide $10 \times 8,50 \times 4$ ctms. Topado en Forcadela.

N.º 69 (fig. 64) — Pico *asturiense* de un seixo de cuarcita de grandes mensuras ao igoal que os utieis semellantes topados lonxe




Fig. 64 — Pico *asturiense*.

da veiramar atlántica. Talla sobre bigornia sen retoques; lixeiro rolamento. Mide $17 \times 11 \times 6$ ctms. Topado en Vilar de Matos.

FREGUESÍA DE AMORIM. — Tan só tivo lugar o achádego de un instrumento por E. Alonso. Trátase de un machado amigdalóide, do *acheulense meio* que repite o tipo mais comun na comarca sen ofrecer particularidades especiaes; pero cuia localización resulta interesante por sifñificar o enlace inmediato antre as industrias de ista zona agora exprorada e as da tudense.

FREGUESÍA DE SOBRADA.—Foron recollidos n-esta parroquia 9 instrumentos por Eliseo Alonso. Sobrada entesta con Areas, a parroquia mais occidental, e Tuy. Temos clasificado istes útiles: *Ach. meio*, 3; *ach. superior*, 4; *camposanquiense*, 2.

N.^º 70 — Machado lanceolado, *acheulense meio*, de un seixo de cuarcita pardaroxiza; a face posterior ampliamente tallada mediante un primeiro lascado lonxitudinal e retoques marxinaes posteriores; a outra face con soio lascado mar-




Fig. 65 — Machado *acheulense superior*.

xinal; levemente rolada. Mide $16 \times 8 \times 5$ ctms. Topado en Torrón.

N.^º 71 (fig. 65) — Machado cordiforme, *acheulense superior*, con amplio lascado sobre bigornia, sen retoques; técnica primitiva deixando pouca superficie natural. Ausenza de pátina. Mide $13 \times 10,50 \times 7$ ctms. Topado en Torrón.

FREGUESÍA DE SAN SALVADOR DE TEBRA.—D. Antonio Fernández recolleu n-esta parroquia, emprazada en zona montañosa e a notabel altitude sobre do río, duas interesantes pezas, que reseñamos:

N.º 72 (fig. 66) — Machado *clactono-abbevillense* de unha lasca de cuarcita; talla sobre de bigornia, de factura moi primitiva, sen retoques, abrangendo a superficie total do instrumento, agás unha pequena zona do lateral superior direito, destinado a aprehension, donde conserva a superficie natural; pátina eólica moi acentuada; falta a ponta por rotura antiga. Mide $13 \times 8,50 \times 5$ ctms. Topado en Sarnadelo.

N.º 73 (fig. 67) — Pico *proto asturiense*, macrolítico, de un grande seixo de cuarcita cincuenta-pardacenta. A talla, aprovei-




Fig. 66 — Machado *clactono-abbevillense*.

tando a forma natural do seixo, afecta somentes a un dos lateraes; unha escotadura na banda superior, por fractura natural rolada, facilita a aprehension que ten de se efectuar cas duas mans; non semella que a labra bifacial sexa intencionada, pois redúcese a duas lascas nunha das faces que puideron ser secuencia de un primeiro intento fallido de producillas por contragolpe. Pesa 3,500 kilogramos. Topado en Sarnadelo. Mide $21,50 \times 16,20 \times 8,50$ ctms.




Fig. 67 — Pico *proto-asturiense* macrolítico com o peso de 3,500 kg. Topado em Sarnadelo.

OBSERVACIONS

É indubitable que a clasificación de tan vasto arrecadamento de materiales ten de ofrecer, por fuerza, algunos puntos erróneos — confiamos que non fundamentales — derivados, principalmente, de non mostraren os achádegos carácter estratigráfico. Isto obriganos a manter en trámite de revisión a xenérica clasificación establecida nas páginas precedentes das industrias paleolíticas do baixo Miño.

Mais é tamen o certo que, por ser os nosos os primeiros estudos sistemáticos que de tales industrias se llevan a cabo en Galiza, a falta de precedentes e de términos de comparanza de ámbito local, dificultando a nosa tarefa, disculparán millor os posibles trabucamientos. A melhor guía que puidemos utilizar foi a ministrada pela abundosa bibliografía referente a istos estudios prehistóricos en Portugal, e, certamente, en especial, polo que respecta á provincia do Miño, temos visto que os contactos galaico-lusitanos revisten excepcionais similitudes. Isto, e o estado actual dos conocimentos prehistóricos no occidente europeo permítennos asegurar que o Paleolítico galego tópase en conexión directa estreitísima cos movimientos culturais do home cuaternario en Europa.

Sin tratar agora de establecer tipologías autóctonas nas industrias por nós estudiadas, sinón como simples notas informativas de carácter aclaratorio sobre de algunas variedades curiosas que temos observado, queremos remarcar os seguintes extremos:

1.º — A presencia no baixo Miño de un orixinal tipo de machado *acheulense* de indubitable facies primitiva, representado por unha ducia de exemplares, con intencionado pico curvo, que coñecemos oportunamente designar graficamente como «pico de garra» (10).

2.^º — A presenza, en alguns títiles, de certas concavidás na zona de aprehension practicadas mediante miúdos golpes de percusión e acaso perfeccioadas por unha subseguiente accion rotativa de fricción, destinadas, indudabelmente, a albergar as xemas dos dedos pra facer mais firme a suxección do instrumento. Istan ouquedades miden de dous a tres centímetros de diámetro e en alguns eixemprares aparecen en número dobre, ou sexa un en cada face do útil.

3.^º — A abondosidade de xigantescos picos *protoasturienses* e *asturienses*— catorce ou dezaseis exemplares— verdadeiros macrolitos, somentes utilizabres cas duas mans, dos quais os maiores son un topado por D. Antonio Fernández en O Vimieiro (Goián) de 3,400 kgs. e outro de 3,500 kgs. topado en Sarnadelo que reproducimos na fig. 67. Taes eixemprares en tamaño tan eisaxerado non foron observados con tanta frecuencia no *asturiense* costeiro da Guardia e Camposancos, o que parece indicar que no interior do territorio tiveron os picos aplicacions de traballo distinto que na costa. Conven insistir en que os macrolitos do baixo Miño non son anteriores xamais ao *protoasturiense*.

4.^º — Por vez primeira rexistamos a eisistencia de utiles do *clactoniense* e *abbevilliense*, si ben compre facer unha observacion importante: a de que a sua tipoloxia non é sempre ben definida; consistindo, na maior parte dos casos, en grandes machados de lasca con talla monofacial sobre bigornia, boa pátina eólica e acusado bulbo de percusion; mais en esto derradeiro, como noutrios detalles secundarios, é comenente non esquecer xamais que o material empregado eiquí é sempre de cuarcita, cuias especiales características poden moi ben determinar variantes locaes respecto dos prototipos europeos. Dentro de iste grupo incruimons todos os instrumentos que temos clasificado de *clactono-abbevilienses* e cuia definitiva separación será comenente intentar á vista de novas aportazóns, especialmente as que poderen ter lugar «in situ».

5.º — Así ben puidemos identificar alguns eixemprares de lasca de *levallois* e ainda sospeitamos que algunhas pezas de carácter *musterioide* que temos apartado pra un novo estudo da custión, poidan corresponder prenamentes — raspadores de lasca e discos, en especial — ao *musteriense* cuia existenza parez demostrada en Portugal. A respecto do *levalosiense*, confiamos que a eisistencia de útiles de ista industria ten de ser moi superior á que se revela no achego de pezas realizado, xa que, pola sua fraxilidade e pequeno tamaño, ou ben se quebran as lascas con facilidade, ou ben fuxen ás nosas pesquisas mais facilmente que os instrumentos de certo volume.

6.º — Por fin, consignaremos que entre os obxetos recollidos e non incurridos nas cifras precedentes nin na clasificación que temos dado, figuran perto de dous centos de núcleos de cuarcita, perfectamente patinados na sua maior parte, que — inda que moitos poidan considerarse como instrumentos malogrados — falan tamen da eisistencia de unha abondosa industria de lascas.

CONSIDERACIONS

Ao tempo de publicación do noso estudo sobre das industrias paleolíticas de Tuy (1), o distinto investigador lusitano J. Camarate França tivo a xentileza de adicarlle unha récesón seguida de nutrido comentario (11). Desexamos agora agrarrar certos extremos aos que, quezais por non ternos expresado ca debida cruidade, pon algun reparo o mesmo comentarista. E de esta sorte mostramos nós conformidade con Camarate no senso de que convén ir desbotando o término *técnico* que habitualmente se dá ao *paleolítico superior*, segun di, sustituíndo, antes ben, por un senso de localización no tempo. Si algunha vez puidera creerse que teríamos incurrido no que se presta a confusión, como ao

longo do noso traballo falamos de un *camposanquiense* sustitutivo no tempo das técnicas crásicas europeas *Auriñaciense*, *Salutrense* e *Magdalenense*, o bo senso dos lectores terá suplido o defecto que pola nosa banda puido haber, levando aos iniciados á comprension de que a tales industrias iban as nosas preferenzas.

Polo que respecta ao término *Camposanquiense* pra designar esa industria que en tan amplio circulo cultural sustitui no Noroeste peninsular ás europeas do Paleolítico superior, é o certo que o importante papel que desempeña representando por si solo eiquí, en extensa faixa xeográfica, un estadio cultural que en Francia, por ex. donde se lle dou o nome de *languedociense* abrangue contemporaneamente diversas e depuradas técnicas, ben o fai merecente da sua perpetuación, sendo interesante lembrar que non foi o dito termo empregado por nós por vez primeira senón que gostosamente o tomamos do ilustre arqueólogo portugués Prof. J. Fontes que foi quien fixó a sua introducción, e polos non menos ilustres H. Breuil e G. Zbyszewski que perseveraron no seu uso.

Revisando no posibel anteriores conclusións, diremos que nos topamos, como se advirte, diante da repetición de un curioso fenómeno, rexistado insistente na ribeira portuguesa do Miño e que antes de agora tiñamos observado xa na comarca de Tuy, a saber: a eisistencia de industrias ben definidas e en abundantísimas aportacións do Paleolítico inferior, a absoluta ausenza de vestixios das industrias clásicas do Paleolítico superior e, tras de ista á primeira vista solución de continuidade, a aparizón do *protoasturiense* e *asturiense* que hastra de agora en Galiza somentes eran conocidos polos xacementos da costa. Resulta, pois, que hastra o momento presente os nosos conocimentos do paleolítico nesta rexión rematan no *camposanquiense* ou sexa no *languedociense* como rematan tamen no Baixo Miño portugués.

Para as explicacions que puideran darse a este fenómeno remitimos o lector ao noso estudo tantas veces citado das estazons tudenses, e, tendo presente os novos estudos do Prof. Carlos Teixeira (12) que ven a completar os supostos ali sustentados e cuio pensamento xa tiña esbozado en outro anterior traballo (13), atribuindo á gran regresión mariña do Würmiense o afundimento da precedente terraza interglacial que explicaría o rebaixamento observado no bloco galego; e presentes tamen as obxecions e comentarios qne á hipótesis de Teixeira presenta Mariano Feio (14), cos achádegos botánicos antigos levados a cabo por M. Montenegro de Andrade (15), ratificamos o noso pensamento sobre dos feitos que consideramos como mais verosímiles nas formacions aluviaes do Miño, afirmando tamen neste intre que as industrias crásicas do paleolítico superior europeo non teñen deica agora representacion en Galiza, isto é, na zona hastra o de agora exprorada que se limita en esenza ao curso do Miño, dende Ourense; e estimamos que elas teñen sido substituidas eiquí pola cultura *camposanquiense* ou sexa o *languedociense* francés.

CONCLUSIONS

Como coronamento do devandito a respecto dos achádegos de instrumentos paleolíticos rexistados nos Concellos de A Guardia, O Rosal, Tomiño e Oia, que foron obxeto de estudo no presente traballo, réstanos presentar como conclusóns:

1.º — Encadeándose cos xacementos paleolíticos da comarca de Tui e estazons do antigo conocidas de A Guardia e Camposancos, rexístrase agora na zona intermeia da ribeira dereita do río Miño, correspondente aos referidos Concellos, a existenza, en abondosa representazon das diversas industrias, de núcleos do paleolítico inferior (*abbevillense*, *acheulense*, *camposanquiense*), así

como as de lascas (*clactoniense e levalloisiense*) ; e así mesmo do *Asturiense mesolítico*, xunguido a formas de tradizón paleolítica (*proto-asturiense*) e outras de tipo macrolítico que o distinguen do costeiro.

2.º — As industrias europeas do paleolítico superior tópanse sustituidas polo *camposanquiense medio e superior*.

3.º — As estazons galegas ofrecen notabres semellanzas cas do norte de Portugal como respondendo a idénticos estadios das diversas culturas descubertas.

4.º — Esta liña de continuidade dos achádegos no derradeiro tramo do río Miño debe de ter a sua prolongación de cara ao curso outo do río e vales adxacentes, existindo de isto algunas probas interesantes nos achádegos isolados rexistados deica hoxe.

5.º — O material exclusivamente empregado nas industrias líticas do Baixo Miño, por carencia de silex ou outro mais apropiado no país, é o de «cántos rolados» de cuarcita de oríxen aluvial conocidos no nome de «seixos» «coios» e outros semellantes.

6.º — Cabe supor que a inmersión flandiense tivese provocado a inmersión nas augas tanto mariñas como fluviaes de todo vestixio do Paleolítico superior, representado eíqui por un *camposanquiense medio* ; e

7.º — De ista sorte, o *asturiense* aparez en alguns puntos asentado estratigraficamente, sin aparente solución de continuidade, sobre do *camposanquiense (languedociense francés)*.

BIBLIOGRAFÍA

(¹) JOSÉ M. ALVAREZ BLÁZQUEZ y F. BOUZA-BREY — *Industrias paleolíticas de la comarca de Tuy*, in «Cuadernos de Estudios Gallegos», Fasc. XII, pp. 201-250. Santiago, 1949.

(²) RAMÓN OTERO PEDRAYO — *Síntesis Xeográfica de Galiza*, p. 29. Santiago, 1926.

- (3) H. LAUTENSACH — *Portugal auf grund eisgener Reisen und der Litteratur*, vols. I-II. Petermans M. Ergzb. XLVI, etc. 1932.
- (4) GEORGES ZBYSZEWSKI — *La classification du Paléolithique ancien et la chronologie du Quaternaire de Portugal en 1942*, in «Bol. da Soc. Geológica de Portugal», vol. II, fascs. II e III, p. 26. Porto, 1943.
- (5) G. ZBYSZEWSKI — *Op. cit.*, pp. 92 e segts.
- (6) E. SCHEU — *Die Rias von Galicien*, «Z. Ges. Erdk.». Berlin, 1913.
- (7) H. LAUTENSACH — *Op. cit.*
- (8) F. MACHATSCHEK — *Das relief der Erde*, Erster Band, Berlin, 1938.
- (9) C. VIDAL BOIX — *Contribucion al conocimiento morfológico de las cuencas de los ríos Sil y Miño*, in «Boletin de la Soc. Española de Historia Natural», t. XXXIX, pp. 121 e segts., 1941.
- (10) J. MARTINEZ SANTA-OLALLA — Publica un machado con aspecto de pico que resultou así de unha rotura non intencional (vide: *Sobre el neolítico antiguo en España*, in «Atlantis», vol. XVI, pp. 90-105, fig. 20. Madrid, 1941).
- (11) J. CAMARATE FRANÇA — Na rev. bibliográfica dos «Trabalhos da Sociedade Portuguesa de Antropologia e Etnologia», vol. XII, fasc. 3-4, p. 308-70, Porto, 1950.
- (12) CARLOS TEIXEIRA — *Plages anciennes et terrasses fluviales du littoral du Nord-Ouest de la Péninsule Ibérique*, in «Bol. do Museu e Laboratório Mineralógico e Geológico da Universidade de Lisboa», n.º 17, 1949.
- (13) CARLOS TEIXEIRA — *Tectónica plio-pleistocénica do noroeste peninsular*, in «Bol. Soc. Geol. de Portugal», vol. IV, 1-2. Porto, 1944.
- (14) MARIANO FEIO — *Notas geomorfológicas: I — Reflexões sobre o relevo do Minho; II — Em torno da interpretação dos terraços do rio Minho*, in «Bol. da Soc. Geol. de Portugal», vol. VII, Porto, 1948.
- (15) M. MONTENEGRO DE ANDRADE — *Algunas elementos para o estudio do terraco superior do río Minho*, in «Bol. da Soc. Geol. de Portugal», vol. 3-4. Porto.

Dibuxos de D. Antonio Fernández
e D. J. M. Alvarez Blázquez.